

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA

Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ

D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

Dª. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Dª. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.839/07 de dona Mª. Carmen Antúnez Mera e don Juan Otero

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicitan licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Francés, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 75.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia e a obtención da autorización das empresas subministradoras. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construcción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos (#1.500,00#) euros

2.2.- Instancia num. 1.979/07 de dona Silvia Torres López e don Juan Claro Rey

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicitan licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Piñeiro, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+B+A. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta , segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 115.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construcción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil trescentos (#2.300,00#) euros

2.3.- Instancia num. 2.040/07 de Unión Fenosa Distribución, S.A

Dáse conta da citada instancia na que Unión Fenosa Distribución, S.A, solicita licenza para a instalación de LMTA, CTI, RBTA Pazo-Raxoi, en San Pedro de Vilanova e Merín, emprzada en solo rústico de protección agrícola (R2, solo rústico de protección forestal (R3), solo rústico de protección de augas (R5), solo de núcleo rural (N1) e solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, de acordo con proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro industrial don Rubén Méndez Fernández cun orzamento de 20.268,30 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado e antes do comezo das obras deberá obter a autorización da Consellería de Industria

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de catrocentos sesenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (#465,37#)

2.4.- Instancia num. 1.498/07 de dona Teresa Barco Santos

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construcción dun alboio no lugar de Castro, en solo cualificado polo PXOM como solo urbano (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda denegar a licenza solicitada dado que o terreo non cumple as condicións de parcela esixidos pola ordenanza de aplicación.

2.5.- Instancia num. 2.108/07 de dona Inés Orosa Barros

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de tella e uralita, nunha superficie aproximada de 75 m², e máis para recebado de aleiros e paredes, situada en Sarandón en solo de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estructura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e as fachadas pintaranse en cor branca ou en tonos suaves acordes co medio rural.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catrocentos (#400,00#) euros.

3º.- Aprobación, se procede, dos proxectos de obras do POS 2008

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día quince de novembro do ano que andamos, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos das seguintes obras incluídas no *Plan de Obras e Servizos 2008 (POS 2008)*:

Denominación da Obra	Orzamento
<i>Acondicionamento da estrada Oza -Cibrán (San Xián de Sales)</i>	142.924,78
<i>Acondicionamento pista no lugar de campo da festa A pedreira - Ximonde (San Miguel de Sarandón)</i>	33.528,4
<i>Alumbrado Público en Sta. Cruz de Ribadulla, Ponte Ulla, San Mamede e Illobre</i>	32.878,49
<i>Alumbrado público en San Miguel de Sarandón, Vedra, Trobe y San Fins de Sales</i>	36.258,97
<i>Acondicionamento de pistas en Reboredo (Ponte Ulla) e Covelas (San Pedro de Sarandón) POS COMPLEMENTARIO</i>	31.810,91

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados proxectos.

4º.- Escritos varios

4.1.- Escrito num. 2.114/07 de don Pedro Gutián Rodríguez

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que é titular do vehículo Mercedes Benz, modelo 300-D, Matrícula C-3887-U, con data de matriculación 07/01/1982, polo que solicita a concesión da bonificación na cota tributaria do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establecida para o vehículo cunha antigüidade mínima de vintecinco anos.

A Xunta de Goberno, á vista da documentación presentada, e de acordo co establecido no artigo 9º.2 da ordenanza fiscal reguladora do citado imposto, acorda concederlle a bonificación do 100% da cota con efectos do 01/01/2008.

4.2.- Escrito num. 2.103/07 de dona Otilia Agrelo Cabo

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que cumple unha serie de requisitos polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

4.3.- Escrito num. 2.115/07 de don Luís Fernández Pereiras

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita atención domiciliaria polo concepto de elaboración comida, limpeza diaria do fogar e apoio para atención persoal.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.-Conceder a atención solicitada durante 1,15 hora/día de luns a venres.

2º.- Aprobar a tarifa a aplicar segundo a ordenanza fiscal reguladora do servizo: 2,51 euros/hora a achega do usuario

4.4.- Escrito num. 2.134/07 de don Jesús Gómez Sánchez

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita atención domiciliaria polo concepto de limpeza xeral e teleasistencia.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da traballadora social, acorda:

1º.- Conceder a atención solicitada durante 3 horas/semana e teleasistencia

2º.- Aprobar a tarifa a aplicar segundo a ordenanza fiscal reguladora do servizo: 2,51 euros/hora a achega do usuario (limpeza xeral)

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de novembro do ano que andamos, pola que se inicia o expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de dona Lutgarda Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros Asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas

